

CONVENIO ENTRE A AXENCIA GALEGA DE INNOVACIÓN E A UNIVERSIDADE DA CORUÑA PARA COLABORAR NO TÍTULO PROPIO DESTA UNIVERSIDADE DENOMINADO MÁSTER EN INNOVACIÓN E ESTRATEXIA DIXITAL DA EMPRESA.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A directora da Axencia Galega de Innovación da Consellería de Economía, Emprego e Industria, **DECLARA:**

Que a Axencia Galega de Innovación ten previsto formalizar coa Universidade da Coruña o instrumento convencional arriba referido, que estará en vigor desde a data da súa sinatura e durante un período de 4 anos.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Regular a colaboración entre a Axencia Galega de Innovación e a Universidade da Coruña, naquelas actividades nas que as devanditas entidades cooperen no desenvolvemento do Máster en *Innovación e Estratexia Dixital da Empresa*, organizado polo Departamento de Economía, a través da Cátedra Jean Monnet de Economía Industrial Europea.

Existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

1. A Universidade da Coruña, de acordo cos seus Estatutos, ten competencia para poñer en marcha Estudos Propios de Posgrao que dean lugar a Diplomas e Títulos Propios desta.



2. A Axencia Galega de Innovación, entidade dependente da Consellería de Economía, Emprego e Industria, ten como un dos seus obxectivos preferentes promover e difundir o coñecemento tecnolóxico e a capacidade de Innovación empresarial, e conta con capacidade de planificación, ordenación e fomento neste eido, así como con experiencia administrativa e persoal experto nestas funcións.
3. A Universidade da Coruña imparte un Máster (60 créditos ECTS) denominado “Innovación e estratexia dixital da empresa ” de xeito que os alumnos que o cursen con aproveitamento obterán o correspondente Título de “Máster en innovación e estratexia dixital da empresa”, Título Propio outorgado pola UDC. Este Máster inclúe dous cursos de especialista universitario (30 créditos ETCS) en Estratexia e Marketing Dixital da Empresa e en Xestión Empresarial da Innovación que se poden cursar por separado nos respectivos Posgraos do mesmo nome.
4. GAIN, no exercicio das súas funcións, apoiará ás ensinanzas do Máster achegando a súa visión da realidade dos servizos e capacidades de innovación para a mellor adecuación das ensinanzas á realidade práctica das empresas, e ao sistema galego de innovación, facilitando a información necesaria para os acordos de prácticas dos estudantes, e autorizando aos seus expertos a impartir leccións no Máster.
5. Pola súa parte, a UDC asume os compromisos de levar a cabo as actividades e tarefas precisas para a impartición do Máster, segundo se recolle no anexo I do convenio.
6. O convenio non implica gastos ou cargas financeiras para GAIN. Así mesmo, non implicará gastos nin cargas financeiras para a UDC, máis alá das derivadas da realización do curso.



7. Que dada a especificidade do obxecto do convenio, non procede a realización dunha convocatoria pública para o desenvolvemento das actuacións do mesmo, xa que o Máster en Innovación e Estratexia Dixital da Empresa da Universidade da Coruña é un dos poucos Másters universitarios no ámbito da innovación empresarial existentes en Galicia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria

